EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN

I: Preguntas do tema

1. A literatura galega do exilio. Autores e obras.

2. Tendencias da lírica na segunda metade do século XX. Grupos de poetas.

3. Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras.

SOLUCIÓN:

1. A Guerra Civil trouxo como consecuencia para a literatura galega que algúns dos escritores xa consagrados morreran (Alexandre Bóveda, Camilo Díaz Baliño) ou se tiveran que exiliar (Castelao, Dieste, Luís Seoane). Outros permaneceron nunha situación incómoda de censura ou autocensura, que limitaba a súa creatividade (Otero, Carballo Calero). O castelán convértese na única lingua oficial.

Así pois a literatura galega do exilio vai estar marcada pola guerra, a nostalxia e o tema social.

A lírica reflicte a nostalxia da terra abandonada e denuncia a inxustiza social. Destacan autores como: Lorenzo Varela (*Lonxe*, 1954), que mestura o intimismo coa nostalxia e a denuncia social; Luís Seoane (*Fardel de eisiliado*, 1952), que introduce o realismo social na poesía galega, presentando os problemas da emigración (inxustiza social, fracaso, explotación, marxinación, desarraigo,...) cunha linguaxe directa e mesmo coloquial, que achega a súa produción á poesía social. Este autor tamén cultivou o teatro en *A soldadeira* (1956).

Na narrativa destacan autores como: Lorenzo Varela (Non agardei por ninguén, 1957), que aborda o tema da guerra civil relatando experiencias persoais; E. Blanco Amor, que en A esmorga, 1959, relata 24 horas na vila de tres persoeiros que van de esmorga por Ourense e incorpora técnica e temas (antiheroes) novos na narrativa galega; Xosé Neira Vilas, que fai unha novela de realismo social en *Memorias dun neno labrego*, 1961, presentando a vida de pobreza e de inxustiza social no agro. Outras obras deste autor son: *Cartas a Lelo*, 1971; *Xente no rodicio*, 1965; *Lar*, 1974; *Nai*, 1980; *Camiño bretemoso*, 1967; *Historias de emigrantes*, 1968;...

2. Nesta longa etapa a produción literaria en galego pasa por situacións diversas. Na inmediata posguerra (anos 40) apenas existiu actividade cultural e literaria. Nos anos 50 iniciouse unha lenta recuperación da literatura, centrada, sobre todo, na poesía. Nesta época de férrea censura, os autores cultivaron o paisaxismo, o intimismo e outras correntes de preguerra, como o imaxinismo e o neotrobadorismo (mentres tanto no exilio, Luís Seoane e Lorenzo Varela, escribían poesía de ton social e reivindicativo). Na década dos 60 e 70 foi tomando máis importancia o socialrealismo.

Os poetas da posguerra adoitan agruparse en tres xeracións, seguindo criterios cronolóxicos: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, e a Xeración das Festas Minervais.

A primeira está constituída por poetas nados entre 1910 e 1920, que se formaron na República e viviron a Guerra, polo que na súa poesía estarán sempre presentes

estes motivos. A través destes escritores transmitiuse o legado da Xeración Nós. Estes poetas cultivaron tendencias de preguerra como o imaxinismo, neotrobadorismo, paisaxismo,... ou incorporaron outras novas como o socialrealismo, o intimismo radical... Mesmo houbo poetas que recuperaron o clasicismo.

Pertencen a esta xeración: Aquilino Iglesia Alvariño (Señardá, 1930), Eduardo Moreiras, Xosé Mª Díaz Castro (Nimbos, 1961), Ricardo Carballo Calero, Celso E. Ferreiro (O soño sulagado, 1954).

A Promoción de Enlace está formada por poetas nacidos entre 1920 e 1930. Padecen as consecuencias da Guerra e inician a súa actividade influenciados por poetas casteláns. A súa poesía é un reflexo tráxico do home que sobrevive resignado nun entorno sen esperanza, nun país pechado sobre si mesmo. Forman parte desta xeración: Antón Tovar (Arredores, 1962), Luz Pozo Garza (O paxaro na boca, 1952), ou Manuel Cuña Novás (Fabulario novo, 1952).

A última xeración está constituída por poetas nados na década dos 30, que se dan a coñecer nas Festas Minervais celebradas en Santiago entre 1953 e 1964. Son maioritariamente universitarios que viaxaron por Europa. Evolucionan desde o existencialismo ata o socialrealismo pola influencia de Longa noite de pedra de C. E. Ferreiro.

Forman parte desta xeración o grupo Brais Pinto (Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Ramón Lorenzo), a Escola da Tebra (Manuel Cuña Novás, Manuel Mª, Bernardino Graña), ou poetas individuais como: Uxío Novoneyra (Os Eidos-2, 1974), Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Franco Grande,...etc.

3. A narrativa en galego vira interrompido o seu proceso de produción coa guerra e non recuperara a súa andaina ata 1950, data en que aparece a novela de Ricardo Carballo Calero A xente da Barreira, que foi a primeira novela de posguerra. A partir de aquí aparecen unha serie de obras consideradas como mestras nas nosas letras.

As liñas narrativas, a partir de 1950 son as seguintes:

a) A dos continuadores da tradición narrativa do grupo Nós. É o caso de Carballo Calero en A xente da Barreira (1950) que segue a Otero. O propio Otero publica Entre a vendima e a castañeira (1957) e O señorito da Reboraina (1960).

b) O realismo popular ou etnográfico, do que o mellor representante é Ánxel Fole con Á lus do candil (1953). Esta é unha narrativa de ambientación rural, escrita nunha lingua dialectalizada.

c) O realismo fantástico representado por Álvaro Cunqueiro, que mestura elementos culturalistas e populares, a medias entre a realidade cotiá e a fantasía. Son as súas obras máis significativas: Merlín e familia (1955), As crónicas do sochantre (1956) e Si o vello Simbad volvese ás illas (1961).

d) O realismo social que ten como mellor representante a Eduardo Blanco Amor (tamén representante da narrativa do exilio) coas súas obras: A esmorga (1959) e Xente ao lonxe (1972). Aquí poderíase situar tamén a Carlos Casares e a súa obra Vento ferido (1967).

e) A Nova Narrativa. Esta é unha tendencia rupturista impulsada por unha nova xeración de escritores formados no franquismo, que producen a maior parte da súa obra xa recuperada a democracia.

II: Comentario de texto

Texto 1:

Nas leves tardes de Outono tan sereas,
ateigadas de silencio e de dozura
eu vou sentindo, amor, a túa tenrura
igual que lume queimándome nas veas.

O son das aves, o vento e as sereas,
a voz solemne do mar, rouca e escura,
é a voz do amor coa súa fondura,
co seu incansábel ritmo de mareas.

Eu quero vivir o Outono na ribeira
para amistar coas gaivotas e embarcar
nunha dorna xentil, ben mariñeira.

O meu desexo máis fondo é naufragar,
ouh miña boa e sinxela compañeira!
no teu mar de tenrura. Só no teu mar.

Manuel María. *Poemas ó Outono*

1.- Como terás observado, este poema ten un contido intimista e amoroso. Na súa ampla obra poética Manuel María ten tratado tamén outras temáticas. Completa:

a) Algún título de poemario de poesía existencial:
b) Poesía paisaxística:
c) Poesía de denuncia social:
d) Poesía para nenos:

2.- Indica o número de estrofas_____Indica o número de versos de cada estrofa_____Esquema estrófico_____Que nome recibe a composición poética que presenta este esquema?_____

3.- Escribe unha frase que sirva para resumir o **asunto** ou **tema** do poema.

4 - Recursos poéticos.
a) Na primeira estrofa fálase do Outono que ademais de ser unha referencia paisaxística ten tamén un **valor simbólico.** Que valor é este?
b) Tamén na primeira estrofa atopamos unha **comparación**. Búscaa e escríbea.
c) As palabras naufragar e mar utilizadas na última estrofa tamén teñen **valor simbólico**. Explica como o entendes ti.

SOLUCIÓN:

1. **a)** Algún título de poemario de poesía existencial: “Muiñeiro de brétemas”
b) Poesía paisaxística: “Terra Chá”
c) Poesía de denuncia social: “Cantos rodados para alleados e colonizados”
d) Poesía para nenos: “Os soños na gaiola”

2.- Indica o número de estrofas: 4. Indica o número de versos de cada estrofa: 4 e 3. Esquema estrófico: ABBA, ABBA, CDC DCD. Que nome recibe a composición poética que presenta este esquema?: Soneto.

3. Poema de amor no que o poeta se apoia nos elementos da paisaxe mariñeira e outoniza para evocar os sentimentos que lle inspira a súa compañeira.

4. Recursos poéticos.
a) Un momento da vida: a vellez.
b) ”A túa tenrura igual que lume queimándome nas veas”
c) Reforza a idea da inmensidade de tenrura da súa compañeira.

Texto 2:

1. Le o seguinte texto e comenta os elementos propios da narrativa popular que aparecen nel. Cantos narradores presenta?. Indica como crea o suspense.

"A caixa do morto vivo"

-¿E poderiamos deixar esta caixa aquí [no curro]. É para a filla do señor Ramón, que morreu de parto onte... Mañá pola mañá virémola buscar. [...]

-Mire, señor, [dixénlle ó administrador don Froilán] que cando fun pola leña pareceume que algo bulía dentro da caixa... ¿E se fora un vivo e non un defunto? Porque os cans regañan os dentes...

Dito isto [don Froilán] colleu a escopeta de dous canos... e [despois contaba]:

-Tivemos boa sorte. Achegueime apuntando ó cadaleito. Apuntaba cara onda puidese te-la cabeza o que estivese alí... Un tiro... Asegundeille... Polas fendas da caixa saían pingas de sangue... Dentro había un home. Tiña un revólver nunha man, e na outra un chaveiro con ganzúas... Aventuraría que era da banda [de ladróns] do Valente.

ANXEL FOLE: *Á lus do candil*

2. O relato anterior foi levado ao cine hai anos. Analiza a técnica obxectiva e case de cámara que emprega Fole: os personaxes son caracterizados polo narrador ou polos feitos que vemos que realizan ou os diálogos que pronuncian?

SOLUCIÓN:

1. O narrador, que é personaxe secundario nos feitos, relata oralmente a un grupo de amigos un feito tipicamente popular: o ataque duns ladróns a un pazo.

Tamén se converte en narrador o administrador don Froilán, cando conta como disparou sobre a caixa na que se agachaba o ladrón.

Por medio da sospeita: é raro que deixen unha caixa de morto, os cans ao acercárense a ela regañan os dentes, por se acaso o administrador dispara sobre ela, etc.

2. É un narrador obxectivo. Os narradores só contan o que ven ou o que oen. Así a sospeita de que poida haber un ladrón dentro da caixa xorde no narrador porque lle parece que sente ruídos na caixa, coma se alguén rebulise dentro. Pero non o sabe.

Xa que logo a omnisciencia aparece eliminada. Por outra banda, a caracterización psicolóxica dos personaxes coma a astucia do ladrón, do narrador personaxe secundario ou a valentía de todos eles aparece manifestada por medio dos seus feitos e nunca polas opinións ou interpretacións dos narradores.